



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Proxectos 1	Código	630G02001	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Vazquez Diaz, Sonia	Correo electrónico	sonia.vazquez.diaz@udc.es	
Profesorado	Barge Ferreiros, Santiago Carreiro Otero, Maria Concepción Martínez González, Carlos Mesejo Conde, Mónica Vazquez Diaz, Sonia	Correo electrónico	s.barge@udc.es maria.carreiro@udc.es c.martinez.gonzalez@udc.es monica.mesejo@udc.es sonia.vazquez.diaz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Proxectos 1 ten como obxectivo construír unhas estadas provisionais que permitan ao alumnado asimilar as bases do proxecto arquitectónico: unha cimbra, como diría Carlos Martí (2005), que aspira a desaparecer co tempo, deixando soamente a pegada da súa orde. Ofrecer efémeras certezas que permitan arriscarse con maior confianza, como as rodiñas auxiliares da bicicleta.</p> <p>A estratexia consiste en ensinar arquitectura como o manexo dunha nova linguaxe, apoiándose en disciplinas humanísticas como a psicoloxía ou a semiótica. Primeiro, descodificar os signos (aprender a ler); logo, entender a súa lóxica interna (gramática); máis tarde a relación que se establece entre eles (sintaxe), para finalmente alcanzar a albiscar a profundidade das mensaxes que se poden transmitir (poética).</p> <p>O cuatrimestre estrutúrase en dous partes. A primeira relacionada cos elementos de composición, facendo fincapé nas consecuencias perceptivas e emocionais da súa disposición concreta. A segunda penétrase xa na idea de proxecto, entendido como un proceso creativo complexo que precisa transcender as funcións máis pragmáticas mediante o uso da poética.</p> <p>Emprégase didácticamente un esquema que precisa en que consiste A IDEA DE ARQUITECTURA, unha estrutura de conceptos relacionados mediante a máis absoluta coherencia: unha idea guía, composta por un obxectivo principal (que se se quere resolver por encima de todo) e unha carga poética asociada (como se resolve), vinculadas entre si por relacións de orde metafórico ou metonímico; e un argumento formal, unha estratexia ou lóxica compositiva que cristaliza a idea guía, e que ha de materializarse de acordo ao programa funcional a resolver e ao lugar concreto no que ha de implantarse.</p> <p>En ningún caso preténdese dar receitas para alcanzar resultados predeterminados, senón estruturar un sistema de preguntas que todo proyectista ha de facerse e responderse honestamente ao longo do proceso creativo. A intención é reflexionar sobre os mecanismos creativos inconscientes e facer un esforzo por nomear con palabras o que os profesionais facemos intuitivamente mediante bosquejos e maquetas: ofrecer un punto de apoio para que o alumnado saiba que buscar, que preguntarse.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se producen modificacións dos contidos 2. Metodoloxías. Metodoloxías docentes que se manteñen: Sesión maxistral. Portafolio do alumnado. Obradoiro. Proba obxectiva. Metodoloxías docentes que se modifican Nengunha, todas pasan a atención non presencial a través de TEAMS. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Período lectivo: Obradoiro e tutorización con cita previa, a través de teams ou email Período lectivo e non lectivo: Moodle 4. Modificacións na avaliación Mantense os mesmos requisitos de avaliación Observacións de avaliación: Para o alumnado con dificultades xustificadas para realizar probas ou entregas, poderanse prever solucións alternativas personalizadas. Mantéñense as condicións de partida para obter a cualificación de apto establecidas na guía docente da materia. Asistencia online: recoméndase, sen que sexa preceptiva para a avaliación. Os traballos, exercicios, e materiais necesarios para o seguimento do curso entregaranse a través da plataforma Moodle. Os prazos de entrega fixados en cada exercicio respectaranse, aplicando a necesaria flexibilidade segundo as circunstancias do momento. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se produce ningunha modificación</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A34	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteprojectos. (T)
A39	Aptitude para suprimir barreiras arquitectónicas. (T)
A50	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo dos procesos de simbolización, as funcións prácticas e a ergonomía.
A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A63	Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B10	Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Capacidade de resolver problemas proyectuais compositivos atendendo a factores diversos, conforme a un programa e a un lugar preciso.	A50 A53 A55 A63	B6 B10 B12	C1 C8
Capacidade para comprender, assimilar e desenvolver relacións de carácter sensible a partir dos principios de composición plantexados nos eidos humanísticos, artísticos e científicos contemporáneos.	A34 A50 A55	B12	C7
Aptitude para representar correctamente os obxectos ideados e proxectados, aplicando un relato coherente e completo.	A50 A55	B1 B2 B3	C3 C4 C6 C8
Capacidade de expor oralmente e de argumentar as formulacións encamiñadas a desenvolver as propostas elaboradas.	A63	B6	C1 C3
Competencia para proxectar obxectos quitectónicos que respondan a programas de necesidades sinxelos.	A34 A39	B10	C5

Contidos	
Temas	Subtemas
Ud. 0. Composición plana	1_Percepción 2_Agrupamento visual 3_Greñas e proporción 4_Equilibrio e tensión
Ud. 1. O tectónico	1_Noción de baleiro 2_O tectónico vs. o estereotómico 3_Operacións formais: planos 4_Narrativa espacial
Ud. 2. O estereotómico	1_Espacio estereotómico 2_Luz e espazo vertical 3_Operacións formais: volúmenes 4_Fenomenoloxía e emoción
Ud. 3. Argumento formal	1_Estructura argumental 2_Argumento formal arquitectónico 3_Accións solidificadas 4_Argumento formal secundario
Ud. 4. Materialización	1_Argumento formal como ADN do proxecto 2_Lóxica formal 3_Programa arquitectónico 4_A orden do lugar
Ud. 5. Idea guía	1_Arquitectura como discurso 2_Caixas de significados 3_Metáfora conceptual 4_Metonimia conceptual
Ud. 6. Estimulación da creatividade	1_Proceso creativo 2_Transferencia analóxica 3_Técnicas para a ideación arquitectónica 4_Cuaderno de bitácara



Ud. 7. Diagnóstico do existente	1_Análise do lugar 2_Análise do uso 3_Análise do habitante 4_Obxeito principal e xerarquía
Ud. 8. Idea de proxecto	1_Idea guía 2_Idea creativa 3_Idea de proxecto 4_Traballos do alumnado

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A50 A53 B10 B12 C1 C3 C4	10	10	20
Portafolios do alumno	B1 B2 B3	0	12.5	12.5
Obradoiro	A34 A39 A50 A55 A63 B1 B2 B3 B6 B10 B12 C1 C5 C6 C7 C8	45	67.5	112.5
Proba obxectiva	A63 B1 B2	4	0	4
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais, na que se introducen as achegas teóricas que permitirán ao alumnado enfrontarse coa materia e desenvolver os traballos e prácticas do taller. Ademais considéranse sesións maxistrais aquelas en as que se realizan explicacións de exercicios e revisións de resultados.
Portafolios do alumno	<p>Cada alumna ou alumno irá completando ao longo do curso un caderno de notas persoal, portafolio ou caderno de bitácora. Será de follas brancas e estará encadernado. Haberá de reflectir todo o proceso de aprendizaxe vinculada coa materia, aínda que non ten que ser exclusivo da mesma, e debe incluír:</p> <ul style="list-style-type: none"> _Anotacións provenientes das sesións expositivas e as lecturas obrigatorias. _Bosquexos e datos de obras de arquitectura que espertasen interese no estudante e/ou que se usen como referencia nos exercicios de taller. _Rastros do proceso creativo de todos os exercicios de taller: reflexións, notas, datos, bosquexos, análises, diagramas, ideogramas, argumentos formais, obras de referencia, esquemas de planta e sección, etc.
Obradoiro	<p>O taller de proxectos é unha modalidade formativa básica da materia Proxectos 1. Componse de traballo presencial e non presencial que o alumnado ha de realizar persoalmente.</p> <p>Cada unidade didáctica contén exercicios prácticos que se irán desenvolvendo nas horas presenciais de docencia interactiva e nas horas de dedicación non presencial por parte de cada unha das alumnas e alumnos.</p> <p>O traballo do proxecto (prácticas individuais e/ou grupais) complétase con sesións de discusión e comentarios colectivos. Nas sesións críticas o alumnado explicará ao conxunto da clase as súas propostas.</p> <p>Acreditación de asistencia ao taller: Correccións persoais co profesorado de taller.</p> <p>Horas non presenciais: revisarase e completarase o traballo elaborado na aula, se fose o caso, realizaranse aqueles traballos específicos que complementen os exercicios do obradoiro.</p> <p>Acreditación de asistencia ao taller: entrega do traballo realizado en cada sesión semanal.</p>



Proba obxectiva	Instrumento de medida articulado para avaliar as capacidades e competencias adquiridas polo alumno en relación á materia. Consistirá nun exercicio de taller de carácter gráfico a realizar presencialmente nun marco temporal de catro horas, ao cabo das cales se producirá a entrega. Permítese manexar apuntamentos e exercicios propios. O alumnado haberá de demostrar as habilidades e competencias adquiridas en relación á conciencia da forma do espazo e a súa orde, sentido da proporción e a medida, mecanismos de composición, manipulación de curvas de nivel, trazado de escaleiras e manexo de recursos gráficos.
-----------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	<p>Aquelas persoas que, polas súas características físicas, sensoriais, motoras ou outras, non poden efectuar o seguimento das actividades do curso nas condicións propostas, serán obxecto de medidas de atención á diversidade, segundo móstrase a continuación.</p> <p>No caso de existencia de persoas con diversidade funcional, estas haberán de ser atendidas tomando as medidas necesarias en cada caso: desde adaptacións de acceso, medidas concretas para facilitar o uso do material e os recursos didácticos, flexibilidade cos tempos de elaboración dos traballos, etc., sen chegar en ningún caso para tomar medidas significativas de adaptación curricular. Trátase de ensinos de nivel universitario (de carácter non obrigatorio) conducentes unha titulación que dá acceso a unha profesión regulada con responsabilidades civís e penais, e cuxo traballo ten un profundo impacto sobre a vida das persoas. Por tanto, Os CONTIDOS NON SE MODIFICARÁN SUBSTANCIALMENTE, senón que se adaptará a súa forma de presentación para facelos accesibles ao alumnado con algún tipo de dificultade ou limitación.</p> <p>A aqueles/ as alumnos/ as que superen amplamente os obxectivos marcados para a materia deixaráselles máis autonomía para resolver os exercicios propostos, co fin de estimular a motivación, a imaxinación e a creatividade, e esixiráselles un maior grao de desenvolvemento no proxecto. Animaráselles a acometer propostas máis ambiciosas tanto en dificultade conceptual como técnica.</p> <p>En canto aos alumnos con dificultades nalgún aspecto da materia, a través das correccións individuais de taller e as sesións de titoría, tentarase diagnosticar se se trata dunha carencia conceptual (non entende a lóxica que sustenta a práctica), procedemental (entende os conceptos pero non é capaz de aplicalos adecuadamente, co cal a repetición pode ser beneficiosa) ou actitudinal (entende o concepto, é capaz de aplicalo, pero non entende a transcendencia de facelo). Se a dificultade é conceptual buscarase outro modo de presentar o contido con exemplos concretos ou metáforas diferentes; se é procedemental recomendaráselle máis práctica; e se a dificultade é actitudinal advertiráselle das consecuencias de ignorar a importancia de aplicar o concepto, tanto a transcendencia hipotética no mundo profesional como as repercusións reais na súa cualificación final.</p> <p>En todo caso poñerase especial atención na valoración de actitudes como o esforzo e o afán de superación, e na evolución positiva ao longo do curso, independentemente do nivel do que se parta.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Obradoiro	A34 A39 A50 A55 A63 B1 B2 B3 B6 B10 B12 C1 C5 C6 C7 C8	<p>Cada unidade didáctica contén exercicios prácticos que se irán desenvolvendo nas horas presenciais de docencia interactiva e nas horas de dedicación non presencial por parte de cada unha das alumnas e alumnos. Para obter unha cualificación positiva é imprescindible corrixir persoalmente todos e cada un dos exercicios co profesorado correspondente.</p> <p>Criterios de avaliación</p> <p>A avaliación deste instrumento será progresiva, continua e global. Ao terminar o cuadrimestre, o ÚLTIMO EXERCICIO deberá demostrar que a/o estudante alcanzou os seguintes resultados de aprendizaxe:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Debuxar o lugar con sensibilidade e precisión.2. Analizar e diagnosticar posibles obxectivos de proxecto vinculados co lugar, o uso e os usuarios.3. Elaborar bosquejos, diagramas, esquemas que permitan avanzar no proceso creativo.4. Atopar obras de arquitectura que sirvan como referencia e saber traspoñer as lóxicas aplicables ao seu proxecto.5. Comprender o concepto de idea guía e saber aplicalo ás súas propostas.6. Establecer unha idea de proxecto desde a coherencia entre idea guía e estratexia formal.7. Materializar adecuadamente a estratexia formal, tanto en relación ao programa (orde, proporción, medidas, coherencia coa estratexia formal) como en relación ao lugar (implantación, orde, integración).8. Debuxar adecuadamente a proposta, atendendo aos criterios das listas de autoavaliación, e debuxando sempre a intervención implantada na súa contorna.	80
Sesión maxistral	A50 A53 B10 B12 C1 C3 C4	<p>Asistencia obrigatoria. A avaliación global non será posible sen a asistencia ao 85% das clases.</p> <p>As clases inclúen contidos teóricos, realización de exercicios e sesións de avaliación. Considéranse clases maxistras aquelas en as que se imparten contidos teóricos, explicacións de exercicios e revisións de resultados.</p> <p>As sesións maxistras rexistraranse nun caderno persoal (portafolios do alumno) que se revisará periodicamente, e que acreditará a asistencia ás mesmas.</p>	1
Proba obxectiva	A63 B1 B2	<p>Consistirá nun exercicio de taller de carácter gráfico a realizar presencialmente nun marco temporal de catro horas, ao cabo das cales se producirá a entrega. Permítese manexar apuntamentos e exercicios propios. O alumnado haberá de demostrar as habilidades e competencias adquiridas en relación á conciencia da forma do espazo e a súa orde, sentido da proporción e a medida, mecanismos de composición, manipulación de curvas de nivel, trazado de escaleiras e manexo de recursos gráficos.</p> <p>Criterios de avaliación</p> <p>Esta proba mide os REQUISITOS MÍNIMOS para a SUPERACIÓN da materia, polo que se ha de obter nela unha CUALIFICACIÓN de APTO. Os criterios de avaliación do exame especifícanse nos recursos didácticos denominados LISTAS DE AUTOAVALIACIÓN que poden atoparse no apartado de observacións da avaliación. Para obter un APTO no exame, haberase de evitar os erros especificados nas LISTAS DE AUTOAVALIACIÓN. A obtención dun NON APTO na proba obxectiva supón a non superación da materia.</p>	10



Portafolios do alumno	B1 B2 B3	<p>Cada alumna ou alumno irá completando ao longo do curso un caderno de notas persoal, portafolio ou caderno de bitácora. Será de follas brancas e estará encadernado. Haberá de reflectir todo o proceso de aprendizaxe vinculada coa materia, aínda que non ten que ser exclusivo da mesma, e debe incluír:</p> <ul style="list-style-type: none">_Anotacións provenientes das sesións expositivas e as lecturas obrigatorias._Bosquexos e datos de obras de arquitectura que despertasen interese no estudante e/ou que se usen como referencia nos exercicios de taller._Rastros do proceso creativo de todos os exercicios de taller: reflexións, notas, datos, bosquexos, análises, diagramas, ideogramas, argumentos formais, obras de referencia, esquemas de planta e sección, etc. <p>Criterios de avaliación</p> <ol style="list-style-type: none">1. Precisión e rigor na recolección de datos2. Calidade do debuxo, que deberá mellorar ao longo do curso.3. Composición, calidade gráfica e sensibilidade estética.	9
-----------------------	----------	--	---

Observacións avaliación



Condições de seguimento do curso

_Entrega dos exercicios propostos: 100%. Admítese un máximo do

20% dos exercicios (1 exercicio) entregado con atraso, agás o exercicio final. As entregas acredítanse mediante a subida do arquivo á plataforma Moodle en tempo e forma.

_Asistencia ás sesións expositivas e/ou grupos de discusión: 85% (12 de 14).

_ Portafolio: Pode ser revisado polo profesorado de taller en calquera momento. Levarase á proba obxectiva para a súa revisión final presencial. Poderá ser requirido o seu escaneado.

_Asistencia ao taller e correccións personalizadas: 80%. A asistencia ao taller acredítase coa corrección persoal dos exercicios co profesorado de taller, a mera presencialidade non é suficiente.

Medidas de dedicación para o alumnado a tempo parcial: terán dereito á flexibilización da asistencia, manténdose a esixencia respecto das entregas e a necesidade de realizar correccións personalizadas en todos os exercicios.

Non se contempla a dispensa académica, por ser una asignatura na que o obradoiro é a metodoloxía fundamental.

A detección de suposto plaxio, entendido como a copia exacta de traballos alleos non realizados en grupo, será valorado por un tribunal de avaliación formado polos profesores da asignatura. A confirmación da súa existencia supoñerá a cualificación de cero para os implicados, á parte doutras consecuencias académicas e penais previstas polo ordenamento xurídico.

Especificación dos mínimos esixibles para a superación da materia de Proxectos 1

A. OPORTUNIDADE DE XUÑO.

1_Cumprir as condicións xerais de seguimento do curso. Calquera incumprimento dará lugar á cualificación de non presentado.

2_Obter na proba obxectiva unha cualificación mínima de APTO.

3_Mostrar unha evolución positiva ao longo do cuadrimestre e alcanzar o nivel de aprobado no último dos exercicios (ver os criterios de avaliación do Taller).

B. OPORTUNIDADE DE JULIO.

1_Cumprir as condicións xerais de seguimento do curso. Calquera incumprimento dará lugar á cualificación de non presentado.

2_Obter na proba obxectiva unha cualificación mínima de APTO.

3_Mostrar unha evolución positiva ao longo do cuadrimestre e alcanzar o nivel de aprobado no último dos exercicios.

NOTA RECORDATORIA: Non é posible superar a materia na oportunidade de xullo sen cumprir TODAS as condicións xerais de seguimento do curso, incluídas as correccións personalizadas. A reentrega do último exercicio na oportunidade de xullo déixase a criterio do correspondente profesorado de taller, depedendo do grado de seguimento do curso.

LISTA DE AUTOAVALIACIÓN XERAL

1. Falta de limpeza da lámina.
2. Falta de calidade da liña.
3. Fallos na valoración da liña (seccionado, non-seccionado, proxeccións).
4. Rotulación descoidada.
5. Mala composición da lámina.
6. Fallos de representación da liña de terra en seccións ou alzados.
7. Incoherencia xeométrica no debuxo en diédrico (plantas, seccións e alzados non coinciden).



8. Imprecisión de medidas.
9. Falta de escala ou proporción no debuxo.
10. Non representación do espesor e o perímetro de todos os elementos debuxados en planta, sección e alzado.

LISTA DE AUTOAVALIACIÓN DE ESCALEIRAS

FALLOS DE CONCEPCIÓN:

1. Escaleiras tortuosas ou estrañas que deixen espazos residuais.
2. Cabezada.
3. Medida incorrecta de chanzos.
4. Pendente incorrecta.
5. Inexistencia dalgunha varanda que protexa de caídas.
6. Falta de relanzos ou desembarcos, ou ancho destes inferior ao ancho da escaleira.
7. Ancho da escaleira desproporcionado co espazo (demasiado grande ou demasiado pequeno).

FALLOS DE REPRESENTACIÓN:

8. Mal seccionadas.
9. Sen liñas de proxección ou incorrectas.

1

0. Imprecisión de medidas: chanzos desiguais, ancho de zanca variable en sección, bordos da escaleira non paralelos, etc



Fontes de información

Bibliografía básica

- Fernandez Galiano, L. (2004). No te saltes el prólogo. Barcelona: Reverté
- Campo Baeza, A. (2009). Pensar con las manos. Madrid: Nobuko
- Tanizaki, J. (1994). El elogio de la sombra. Madrid: Siruela
- García del Monte, J. M. (2017). Guía para estudiantes de arquitectura. Madrid: Los libros de la Catarata
- Pallasmaa, J. (2006). Los ojos de la piel. Barcelona: Gustavo Gili
- Zumthor, P. (2004). Pensar la arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili
- Pallasmaa, J. (2012). La mano que piensa. Barcelona: Gustavo Gili
- Valero, E. (2006). Ocio peligroso: Introducción al proyecto de arquitectura. Valencia: General de Ediciones de Arquitectura
- Ching, Francis D. K. (2013). Manual de dibujo arquitectónico. Barcelona: Gustavo Gili
- Steegmann, E. y Acebillo, J. (2008). Las medidas en Arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili
- Piñón, H. (2005). Materiales de proyecto. Barcelona: UPC
- Ching, Francis D.K. (2010). Arquitectura: forma, espacio y orden. Barcelona: Gustavo Gili
- Carreiro Otero, M. et al. (2004). Proyectos 1. Curso 2003-2004. A Coruña: Universidade da Coruña (consultar Servicio de Reprografía)
- Müller-Brockmann, J. (2012). Sistemas de retículas. Barcelona: Gustavo Gili

Textos de lectura obrigatoria Os textos de lectura obrigatoria correspóndense con cada unha das unidades didácticas. Son textos moi curtos que complementan e reforzan os conceptos explicados na sesión expositiva correspondente. O seu carácter obrigatorio pretende poñer en contacto ao estudiantado coa crítica arquitectónica e a reflexión teórica. Constitúen unha invitación para penetrarse nos libros completos, dada a brevidade do fragmento escollido. Estarán dispoñibles na plataforma Moodle para a súa descarga gratuita. T1_Fernández-Galiano, L. (2004). No te saltes el prólogo. En A. Muñoz. Iniciación a la Arquitectura. Barcelona: Reverté. T2_Müller-Brockmann, J. (2012). Mancha de texto e imágenes con 20 retículas. Sistemas de retículas. Un manual para diseñadores gráficos (pp. 10-13; 76-86). Barcelona: Editorial Gustavo Gili. T3_Campo Baeza, A. (2009). De la cueva a la cabaña. De lo estereotómico y lo tectónico en la arquitectura. Pensar con las manos (pp. 26-35). Madrid: Nobuko. T4_Tanizaki, J. (1994). El elogio de la sombra (pp-7-16). Madrid: Siruela. T5_García del Monte, J. M. (2017). El método existe pero no es un recetario. Guía para estudiantes de arquitectura (pp 38-48). Madrid: Los Libros de la Catarata. T6_Pallasmaa, J. (2006). Mímesis del cuerpo. Los ojos de la piel (67-68). Barcelona: Gustavo Gili. T7_Zumthor, P. (2004). Verdades inesperadas. Deseos. Una intuición de las cosas. Pensar la arquitectura (pp. 19-20). Barcelona: Gustavo Gili. T8_Pallasmaa, J. (2012). Existencia corporal y pensamiento sensorial. La mano que piensa. La sabiduría existencial en la arquitectura (pp. 12-21). Barcelona: Gustavo Gili. T9_Valero, E. (2006). Ocio peligroso. Introducción al proyecto de arquitectura (pp. 13-31). Valencia: General de Ediciones de Arquitectura. T10_Moreno Seguí, J. M. (2007). Jordi Badía: ¿Cualquier proceso creativo está relacionado con la memoria? [Entrevista]. TC Cuadernos, 80. Recuperado de <https://www.tccuadernos.com/blog/jordi-badiaentrevista/>

Bibliografía complementaria

- (). .
- Calvino, I. (2019). Las ciudades invisibles. Madrid: Siruela
- Cohn, M. y Duprat, G. (Dir.) (2009). El hombre de al lado [película]. Argentina: Aleph Media
- Cortázar, J. (1970). Instrucciones para subir una escalera. En Historias de Cronopios y de Famas. Barcelona: Edhasa
- Cortázar, J. (1993). Casa tomada. Barcelona: Minotauro
- Guerín, J. L. (Dir.) (2000). En construcción [película documental]. España: Sociedad Anónima del Vídeo, S. L.
- Joon-ho, B. (Dir.) (2019). Parásitos [película]. Corea del Sur: Barunson, CJ Entertainment, TMS Comics, Tokio Movie Shinsha, et al.
- Kogonada (Dir.) (2017). Columbus [película]. Estados Unidos: Depth of Field, Nonetheless Productions, Superlative films.
- Tati, J. (Dir.) (1958). Mi tío [película]. Francia: Gaumont, Specta Films, Gray-Film, Alter Films.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeometría Descritiva/630G02003
Introdución á Arquitectura /630G02005
Debuxo de Arquitectura/630G02002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise de Formas Arquitectónicas/630G02007
Xeometría da Forma Arquitectónica/630G02014

Materias que continúan o temario

Proxectos 9/630G02041
Proxectos 8/630G02036
Proxectos 5/630G02021
Proxectos 4/630G02016
Proxectos 2/630G02006
Proxectos 3/630G02011
Proxectos 7/630G02031
Proxectos 6/630G02026

Observacións

_As habilidades de debuxo, a capacidade de expresión gráfica e o manexo de recursos gráficos son fundamentais para esta materia. É imprescindible ter unha capacidade de visión espacial ben desenvolvida e coñecementos avanzados de sistema diédrico.

_Precísanse coñecementos sobre as teorías artísticas, especialmente sobre arte contemporánea, sobre filosofía e ciencia, e de forma esencial da arquitectura moderna e contemporánea, polo que se recomenda repasar todo o aprendido na materia de Introdución á Arquitectura._Serán de gran axuda as reflexións sobre intereses persoais, desde os artísticos, incluíndo desde artes visuais, cinema, literatura, poesía ou música ata o deporte.

_Requírese unha actitude activa, perseveranza, curiosidade intelectual, talento para a observación e a reflexión, capacidade para desenvolver o pensamento creativo e analóxico, sensibilidade (apertura á experiencia e capacidade de emoción) e paixón pola arquitectura._A destreza manual e a capacidade de abstracción deben ser cultivadas polo alumnado co obxecto de traballar con maquetas como mecanismo de ideación.

DESACONSÉLLASE MATRICULARSE NAS SEGUINTEs MATERIAS DE PROXECTOS SEN TER SUPERADO A MATERIA DE PROXECTOS 1

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías